



TODO ME FALA DE TI

Xa está aquí outro ano máis o programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coas entidades que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia. A iniciativa, que recorre todas as comarcas do país, serve para achegarlle ao público familiar actividades lúdicas de calidade no noso idioma.

Neste 2016, a primeira actividade do FalaRedes ten como protagonistas tres figuras destacadas da música galega actual: Uxía, Magín Blanco e Santi Cribeiro. O trío artístico suma talento a esgalla para homenaxear o poeta Manuel María, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras. Despois de rotundos éxitos anteriores entre o público infantil con traballos como *María Fumaça*, *Xiqui xoque, fiú fiú!* ou *Rosalía pequeniña*, nesta ocasión chega *Todo me fala de ti* un concerto que vira arredor das letras do gran Manuel María e que está pensado para nenos e nenas de máis de cinco anos e para as súas familias.

Baixo a xestión da cooperativa de propostas culturais Urdime, o espectáculo, que percorrerá quince concellos galegos entre os meses de febreiro e maio, é un inmillorable xeito de achegar o público infantil á obra poética de Manuel María. Na función, baseada no álbum *Canta o cuco*, dáselle prioridade á obra que o autor de Outeiro de Rei publicou especialmente dirixida para os nenos e nenas. *Todo me fala de ti* recupera os versos e pásalos pola peneira do pop, do rock, do tango e incluso do son cubano. Sen dúbida, unha magnífica oportunidade para gozar en familia.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada á actividade é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e tamén nas redes sociais do programa.



@Falaredes



Programa Falaredes

TODO ME FALA DE TI

FEBREIRO

- Sábado 20: **Ourense**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 h
- Sábado 27: **Marín**, na Biblioteca pública municipal Vidal Pazos, ás 18:00 h

MAIO

- Domingo 1: **O Carballiño**, na Praza Maior ou, en caso de choiva, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Venres 20: **Ponteceso**, na Fundación Eduardo Pondal, ás 11:30 h
- Domingo 22: **Ferrol**, no Centro Cultural Torrente Ballester, ás 12:00 h
- Sábado 28: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 18:00 h
- Domingo 29: **Betanzos**, na Aula de Cultura Xulio Cuns (Edificio Liceo), ás 18:00 h



ABRIL

- Domingo 10: **A Coruña**, no Fórum Metropolitano, ás 12:00 h
- Domingo 10: **Ribeira**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Sábado 30: **Santiago de Compostela**, no Centro Sociocultural de Santa Marta, ás 18:00 h

XUÑO

- Sábado 11: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 12:30 h
- Sábado 11: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Domingo 12: **O Grove**, na rúa da Pratería ou, en caso de choiva, na Casa da Cultura, ás 13:00 h
- Sábado 18: **Vilalba**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Domingo 19: **Burela**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 19:30 h

